



# AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Coa LOE (Lei Orgánica de Educación) incorpóranse ao currículo de Educación Primaria as competencias básicas que terán que ser avaliadas polo profesorado cando os alumnos cambien de ciclo ou etapa.

¿Qué se entende por competencias básicas?

Unha competencia non é igual á suma de coñecementos, destrezas e actitudes. É a utilización deses coñecementos en situacións diversas. As competencias básicas iranse desenvolvendo gradualmente ao longo de todo o ensino básico.

Unha competencia é a capacidade ou disposición para afrontar e dar solución a problemas da vida cotiá e xerar novos coñecementos. Sería actuar eficazmente en situacións diversas.

As competencias implican saber utilizar, no lugar e no momento adecuado non so o saber e o saber facer senón tamén o saber ser e o saber estar.

Tan importante como posuír coñecementos é saber utilizalos de maneira adecuada e flexible en novas situacións. Avaliar se alguén é competente é, comprobar a súa capacidade para reorganizar o aprendido, para transferilo a novas situacións e contextos variados. Dende cada área contribúese a desenvolver diferentes competencias. Cada competencia acádase a través do traballo en varias áreas.

¿Cales son esas competencias básicas?

As CCBB que os alumnos deberán ter adquiridas ao final da educación básica son:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
3. Competencia cultural e artística
4. Competencia en matemáticas
5. Competencia dixital e tratamento da información

6. Competencia para aprender a aprender
7. Autonomía e iniciativa persoal
8. Competencia social e cidadá

As competencias implican lograr que os alumnos/as:

- ? Asuman posturas críticas e reflexivas
- ? Recoñezan as consecuencias das decisións
- ? Defendan as súas propostas
- ? escoiten os argumentos dos outros e revisen os propios
- ? Traballen para buscar solucións a problemas diversos

Na práctica o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes e utilizará contextos cotiás, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende.

Marita Vilar Armas...Orientadora

## Avaliación de diagnóstico

Tendo en conta o artigo 21 e 29 da LOE, na etapa de educación primaria, realizouse a proba de avaliación de diagnóstico aos alumnos que durante o curso 2008-2009 estiveron escolarizados en 4º curso desta etapa.

As probas realizáronse o 21 de outubro de 2009. Aínda non se publicaron os resultados da puntuación acadada polo centro en cada unha das competencias avaliadas. As competencias avaliadas nesa proba foron comunicación lingüística e a competencia matemática.

Neste curso 2009-2010 aplicarase de novo a avaliación de diagnóstico coa finalidade de contribuír a determinar o nivel de desenvolvemento das competencias básicas e así, mellorar o sistema educativo. Realizaranse no mes de maio, aos alumnos/as de 4º curso. Están por determinar as competencias obxecto de avaliación.

As preguntas poderán encadrarse nalgúns dos seguintes formatos:

- ? Preguntas de resposta cerrada, baixo o formato de elección múltiple.
- ? Preguntas que exixen o desenvolvemento de procedementos e a obtención de resultados.
- ? Preguntas abertas que admiten respostas diversas, aínda sendo correctas poden diferir duns suxeitos a outros.



## Publicidade



**MAYSO**

Telf. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

e-mail: [maysolibreria@mundo-r.com](mailto:maysolibreria@mundo-r.com)  
[www.maysopapeleria.com.es](http://www.maysopapeleria.com.es)

**MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA**  
**XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS**



**abraxas**

AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655  
AULA 25 D.E.. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158  
ABRAXAS. Rúa Nova de Abaixo 3. CP 15706. Tlf 981592030  
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377